

ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) POLO QUE SE ESTABLECE O CONTIDO E DESENVOLVEMENTO DO PACTO LOCAL QUE REXERÁ NA COMUNIDADE AUTONÓMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela,

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. don Emilio Pérez Touriño, presidente da Xunta de Galicia.

Da outra, o Ilmo. Sr. don José Crespo Iglesias, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Interveñen

O primeiro, na súa condición de presidente da Xunta de Galicia, en virtude das competencias atribuídas na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

O segundo, na súa condición de presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1º.b dos seus estatutos.

Expoñen

O presente acordo réxese polo establecido na Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril), polo establecido na Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997, do 22 de xullo) e demais normativa de aplicación.

Nestes últimos tempos, os concellos galegos veñen asumindo un número cada vez máis elevado de competencias, dado o seu carácter de Administración máis próxima á cidadanía, co obxectivo de asegurarlles aos cidadáns un nivel de benestar social axeitado aos tempos actuais.

Efectivamente, a cidadanía cada vez demanda a prestación de máis servizos, así como unha maior calidade dos ditos servizos, o que supón para os concellos un esforzo de financiamento e de medios cada vez maior e máis difícil de afrontar cos recursos dos que dispoñen.

Os concellos, na tradición administrativa do Estado, foron e seguen sendo a Administración máis dependente financeiramente. O proceso constitucional significou un desenvolvemento notable das súas funcións e da importancia da vida local, pero non facilitou o desenvolvemento dunha Facenda local axeitada ás novas funcións.

Dentro do marco constitucional e legislativo actual, o proceso de Pacto Local Galego vén significar a reasignación de competencias entre a Comunidade Autónoma galega e a Administración local, con base no principio de subsidiariedade, con respecto á garantía da autonomía local, dotada de financiamento suficiente para a súa prestación.

En todo caso, as materias obxecto de traspaso ou delegación poden ser todas aquelas que poidan afectar os intereses dos cidadáns, sen que isto poida supoñer un ha perda de calidade na prestación dos servizos, senón un incremento da eficacia, satisfacción e economía na xestión, dentro do respecto ao marco competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pódese dicir que o inicio das negociacións do Pacto Local Galego se produciron no ano 1998, coa constitución da Comisión Galega de Cooperación Local, creada ao amparo da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia. Anteriormente, no seo da FEGAMP, xa se constituíra unha Comisión Técnica do Pacto Local composta por expertos de diversos eidos en materia local, e que concluíu coa elevación dun documento conxunto no que se establecían diversas pautas para a negociación.

A partir desta data e ata o día de hoxe déronse importantes pasos, como a creación do Fondo de Cooperación Local, que lles permitiu aos concellos empezar a participar nos ingresos da comunidade autónoma, tal e como demanda o artigo 142 da Constitución española.

O Fondo Galego de Cooperación Local foi o punto de partida para a consecución do Pacto Local Galego, e, na actualidade, engloba outros campos

de actuación centrados na busca da eficiencia, racionalización e aplicación do principio de subsidiariedade e da vertebración territorial.

Dende a FEGAMP, foro común da Administración local galega, aprobouse, na Asemblea Xeral de 1999, un relatorio que, baixo o título "Pacto Local", establecía un ha serie de bases para a negociación, como a linealidade das transferencias ás entidades locais, o carácter universal e horizontal que debe ter o traspaso de competencias, sen prexuízo das delegacións internas entre as entidades da Administración local e sen cuestionar a forma de xestión que se acorde, e a necesidade de que a lista da materia obxecto de negociación non sexa pechada, dado que calquera competencia pode ser asumida polo nivel local atendendo aos principios de subsidiariedade e eficacia.

A Administración local galega tamén ten o orgullo de participar activamente na organización de diversos foros coas restantes federacións territoriais do Estado, coas que existen unhas frutíferas relacións que serviron para valorar as expectativas e a temporalidade de cada un dos pactos locais autonómicos, xa que un obxectivo primordial é darlles cumprimento aos principios de igualdade e solidariedade para lograr que os cidadáns poidan ter as mesmas prestacións independentemente do seu lugar de residencia e, deste xeito, lograr unha cohesión entre todos e en todos os ámbitos.

En todo caso, cómpre iniciar por medio do diálogo institucional, un proceso de optimización das prestacións e dos servizos das administracións, en especial no plano executivo, que terá repercusión no financiamento dos servizos. É necesario, neste intre, impulsar un avance razoable para que no ano 2006 se poida materializar unha parte importante da redistribución de competencias, co fin de poder prestar os servizos dun xeito máis eficaz.

A Administración local do presente caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos desenvolvidos superan sobradamente os recursos financeiros cos que se conta para acometelos. Non obstante, a Administración local foi gañando protagonismo entre a cidadanía neste mesmo período temporal, ata chegar a unha situación na que nos seus orzamentos existe unha porcentaxe moi importante de gastos impropios derivados do exercicio de competencias doutras administracións que, de acordo co principio de subsidiariedade, foron asumindo os entes locais.

Esta situación vese claramente no repartimento do gasto, no que, mentres as comunidades autónomas foron crescendo ata chegar case ao 40%, a Administración local seQue a manterse nun raquíctico 13%.

Dentro do marco europeo, e seguindo os preceptos da Carta europea de autonomía local do ano 1985, o eido local considérase xa como un piar

fundamental no seu organigrama e motor indispensable de futuro, polo que se participa nos temas máis importantes como elemento indispensable para lograr o obxectivo da cohesión en todos os ámbitos entre os distintos territorios.

Por iso, e mentres que o nivel de gasto da Administración local galega se sitúa arredor dos 600 € por habitante, na maioría dos países da Unión Europea superan a barreira dos 2.000 € por habitante, diferenza moi notable que se ve plasmada nas distintas realidades existentes, e recoñécese que na Unión Europea o ensino primario depende en maior grao dos concellos.

Ademais disto, a Administración local galega une, aos problemas comúns de todo o mundo local, unha singularidade moi marcada: o feito de contar con máis da metade dos núcleos de poboación do Estado, que, na práctica, se traduce en asentamentos de poboación que condicionan directamente a súa xestión cotiá e os diversos cometidos que ten que desenvolver.

Esta circunstancia ten un efecto directo nos seus servizos: unha maior dificultade na súa implantación e un conseguinte aumento do custo na súa prestación, o que supón un claro prexuízo para os habitantes galegos. Esta cuestión foi demandada en reiteradas ocasións pola FEGAMP, que reivindicou que isto se tivese en conta nos criterios de repartimento da participación nos

ingresos do Estado (PIE), sen obter, ata este momento, resposta positiva na materia.

Todo isto provoca unha situación de demanda financeira por parte dos concellos a outras administracións, neste caso á Xunta de Galicia, para paliar a súa insuficiencia orzamentaria ante os gastos que lles supón dar resposta ás necesidades da cidadanía.

As propostas contidas neste documento intentan dar unha primeira resposta a estas demandas da Administración local e, por seren materias de moita importancia, faise necesario un consenso entre todas as partes implicadas, consenso que, por outra banda, é unha máxima que caracteriza o funcionamento da FEGAMP dende a súa creación.

A reforma do Fondo de Cooperación Local é moi importante para paliar a insuficiencia financeira da Administración local, pero a isto débese unir unha serie de medidas que complementen esta participación nos ingresos da Comunidade Autónoma galega para lograr unha cohesión no ámbito local, como a creación dun fondo que poida corrixir os déficits existentes nalgunhas áreas da comunidade, e a garantía para os entes locais de que os seus recursos financeiros non serán minguados polo feito de asumiren cometidos impropios ou por disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma galega que poidan

supoñer un decrecemento dos seus ingresos ou un aumento dos gastos sen contrapartida.

No referente ás competencias concretas, as contidas no documento son materias que xa están desenvolvendo os entes locais. Por iso, é necesario consolidar estas competencias no eido local cos medios técnicos e económicos adecuados para lle poder prestar á cidadanía servizos de calidade, tarefa na que debe contarse coa experiencia e medios técnicos, persoais e materiais das deputacións provinciais cando así o estimen os concellos afectados.

Neste documento tamén se propón a mellora de diversos aspectos que dificultan a xestión diaria dos entes locais, especialmente en materia de urbanismo. A creación de foros e órganos mixtos e a participación dos poderes locais en organismos da comunidade autónoma son a aplicación máxima do principio de colaboración entre administracións, principio que debe presidir o proceso.

En definitiva, mediante este documento, preténdese avanzar un pouco máis no Pacto Local Galego, tanto nos seus aspectos financeiros como competenciais, sen prexuízo de que, especialmente nos aspectos financeiros, se conclúa un acordo de Estado que resolva definitivamente o problema do financiamento local, e no que se lles dea cabida aos criterios de dispersión da poboación e

extensión do territorio non contemplados na actualidade, co conseguinte prexuízo para os concellos galegos.

CLÁUSULAS

As partes asinantes comprométense a:

1.- FINANCIAMENTO

Sen prexuízo do obxectivo irrenunciable e imprescindible de acadar un pacto de Estado polo financiamento, no que defendemos a inclusión dos criterios de número de núcleos de poboación e extensión do territorio na distribución aos concellos da participación nos tributos do Estado, a Comunidade Autónoma galega levará a cabo as seguintes actuacións:

A) Regulación do Fondo Galego de Cooperación Local no período 2006-2009

Establecerase unha contía complementaria de 6 millóns de euros para cada un dos anos (2006, 2007, 2008 e 2009), que pasará a formar parte da base do fondo ao seguinte ano da súa dotación para os efectos da determinación da participación dos concellos nos ingresos da Comunidade Autónoma galega.

Os criterios de distribución do fondo para este período serán acordados pola Comisión Galega de Cooperación Local, que informará, ademais, o anteproxecto orzamentario do fondo antes da súa remisión ao Parlamento de Galicia.

O fondo principal e o fondo adicional incrementaranse de acordo co crecemento vexetativo que experimenten os capítulos 1, 11, II1 do orzamento de ingresos da Administración autonómica.

Durante o ano 2006, a Federación Galega de Municipios e Provincias negociará directamente coa Consellería de Economía e Facenda a cantidade correspondente á compensación do ano 2005 no período comprendido entre os anos 2007 e 2009.

B) Fondo de compensación interterritorial

No seo da Comisión Galega de Cooperación Local estudárase a creación dun fondo de compensación interterritorial de Galicia destinado aos concellos menos favorecidos co fin de paliar os desequilibrios existentes en infraestruturas físicas, económicas e sociais e de propiciar un desenvolvemento equilibrado entre as distintas áreas da comunidade. Este fondo absorberá algunhas das liñas actuais de subvención da Xunta de Galicia aos concellos.

Neste aspecto, sería interesante contar coa participación das deputacións provinciais, de acordo cos seus fins propios e específicos de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais.

C) Grupos municipais de intervención rápida (Grumir)

A actual distribución dos grupos municipais de intervención rápida (Grumir) prorrogarase ata o ano 2007. Neste tempo estudarase unha solución de futuro, coa garantía do mantemento da súa estabilidade de futuro e do seu financiamento a cargo da Comunidade Autónoma galega ata un máximo de 12 membros para cada Grumir.

Cando exista un parque de bombeiros ou se cree un novo no concello onde exista algún Grumir, este trasladarase a outro municipio, de acordo coa proposta que formule a comisión mixta paritaria entre a FEGAMP e a consellería para elaborar un novo mapa de distribución e aplicar o seu resultado a partir do 01.01.2008, ademais de ter en conta a estrutura de Protección Civil da Comunidade Autónoma galega.

D) Asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos

A asunción farase paulatinamente nos exercicios económicos 2007, 2008 e 2009. Unha comisión mixta paritaria entre a Consellería de Sanidade e a

FEGAMP determinará os centros de saúde locais que serán asumidos en cada exercicio, e empezárase por aqueles concellos con menor poboación.

O proceso de asunción será voluntario. Os concellos cederanlle ao Sergas a titularidade dos edificios e terreos simultaneamente. O acordo formalizarase mediante convenios con cada concello. Os bens patrimoniais integraranse no patrimonio do Sergas e quedarán afectados ao servizo público de saúde. No caso de supresión do servizo, tales bens reverterán ao concello.

E) Asunción dos custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria

Creación dunha comisión mixta paritaria encargada de elaborar propostas con relación ás fórmulas que permitan que a Xunta de Galicia asuma os custos económicos que soportan os concellos derivados do mantemento dos centros de ensinanza primaria.

F) Asunción dos custos dos xulgados de paz, actualmente a cargo dos concellos

Adoptar as medidas adecuadas para que a Xunta de Galicia asuma os custos relativos aos xulgados de paz, actualmente a cargo dos concellos.

G) Asignacións recorrentes

Pactaranse as normas e bases comúns que rexen as convocatorias existentes para axuda aos municipios, así como as transferencias automáticas das anualidades correspondentes.

H) Compensación financeira

O Goberno da Xunta de Galicia comprométese a artellar os mecanismos necesarios para compensar financeiramente as administracións locais galegas ante a aprobación de normas por parte da Comunidade Autónoma de Galicia que poidan supoñer unha minoración dos seus ingresos ou un aumento dos seus gastos.

I) Financiamento das competencias impropias

O Goberno da Xunta de Galicia habilitará unha partida económica co obxectivo de financiar aqueles servizos que, malia seren de competencia exclusivamente autonómica, veñen prestando os concellos e as deputacións provinciais.

J) A Xunta de Galicia fomentará as agrupacións de concellos para o sostemento en común de postos de funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional e de servizos de arquitectura e urbanismo, co fin de compatibilizar a garantía do exercicio desta función en todas as entidades locais galegas coa necesaria capacidade económica dos concellos para poder sostelos.

K) Fomentarase a creación ou mantemento de distintas formas de asociación funcional: consorcios ou figuras similares que homoxeneicen a prestación dos servizos entre as distintas zonas, en especial, augas, residuos e transportes, sen prexuízo das competencias legalmente atribuídas ás deputacións.

L) A materialización dos termos económicos das actuacións incluídas nos apartados C), D), F) e 1) realizarase a través das propostas efectuadas pola Comisión Galega de Cooperación Local, á vista das conclusións acordadas polas Comisións Mixtas Paritarias que se crearán para a determinación da relación de servizos e centros afectados, que se acomodarán ás disponibilidades presupostarias da Comunidade Autónoma e que requirirán en cada caso a aprobación expresa da Xunta de Galicia.

11.- RECOÑECIMENTO DE COMPETENCIAS AOS CONCELLOS. UNHA RESPONSABILIDADE COMPARTIDA

A Xunta de Galicia proponlle á Federación Galega de Municipios e Provincias o comezo das negociacións para levar a cabo un proceso de recoñecemento ás entidades locais das competencias que, na práctica, veñen exercendo e daquelas que, por consenso, poidan acordarse, así como do financiamento necesario para a súa execución con garantías, de acordo cos mecanismos establecidos na Lei de Administración local de Galicia e con suxeición aos seguintes principios:

- O non incremento do gasto público no seu conxunto como consecuencia do traspaso das competencias.
- A suficiencia de recursos e o equilibrio financeiro.

- A capacidade de xestión do ente receptor das competencias.
- O equilibrio interterritorial.
- principio de subsidiariedade.
- A iniciativa da Xunta de Galicia no impulso e coordinación de todo o proceso como titular orixinario das competencias.

A) Vicepresidencia

Establecemento dos mecanismos que permitan a transferencia automática aos entes locais das cantidades que anualmente lles correspondan en concepto de cota fixa polo Plan concertado de servizos sociais, coa inclusión neste ámbito do mantemento dos centros de servizos sociais.

A Xunta e a FEGAMP crearán no ano 2006 o Consorcio Galego de Servizos de Benestar -80 que poderán adherirse os concellos afectados- para a xestión conxunta dos centros da rede primaria: casas de xuventude, casas do mar, escolas infantís, puntos de atención á infancia, centros de día da terceira idade.

A administración directa dos centros da rede primaria será exercida polos concellos afectados que expresamente o soliciten, de acordo coas directrices do consorcio.

B) Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

Crearase un grupo de traballo no primeiro trimestre do ano 2006 co obxecto de analizar, para a súa posible incorporación, as propostas da FEGAMP cando se leve a efecto, se é o caso, a modificación da Lei do solo, así como cando se traten as delegacións das seguintes competencias urbanísticas que soliciten os concellos:

- A aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación urbana.
- A aprobación dos plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural formulados polos concellos.
- O outorgamento de autorizacións para os usos establecidos nas letras a), b), c) e d) do número 2 do artigo 33 da Lei 9/2002.
- A participación da FEGAMP na futura Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Con carácter prioritario, o grupo de traballo estudará a resolución dos seguintes problemas:

- A ampliación da transitoriedade da lei para os concellos con plan xeral.
- A análise do asentamento poboacional (artigo 61.3): existencia de núcleos de poboación e de núcleos rurais, ambos os dous con tratamento de solo urbano.

- A modificación do artigo 24.4, co fin de que aclare que non se requirirá a autorización autonómica antes da aprobación do Plan especial de protección.
- A modificación do artigo 24.4, de xeito que se permita a segregación ou división de parcelas coas limitacións suficientes que impidan a degradación da área de expansión.

C) Consellería de Medio ambiente e Desenvolvemento Sostible

Crear unha comisión mixta paritaria para o estudo de actuacións en infraestruturas, así como a posibilidade de transferencia ou delegación da cualificación de actividades nos procedementos dirixidos á obtención do permiso para o inicio daquelas incluídas no Regulamento de actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas.

A comisión estudará e propondrá unha fórmula de participación da Administración local nos órganos de decisión de SOGAMA e Augas de Galicia.

D) Consellería do Medio Rural

Crearase unha comisión mixta paritaria para fixar os criterios e as bases da cooperación en infraestruturas rurais.

E) Consellería de Vivenda e Solo

Creación dunha comisión mixta paritaria para o desenvolvemento de vivenda pública e solo industrial, co fin de articular os mecanismos adecuados para realizar un pacto polo solo, e que estude e propoña criterios para a delegación ou transferencia de diversas competencias autonómicas, entre elas, as referidas á habitabilidade previstas no Decreto 311/1992.

F) Consellería de Traballo

Crearase unha comisión mixta paritaria que estudará e propondrá os mecanismos para o financiamento estable dos técnicos locais de emprego.

G) Consellería de Innovación e Industria

Creación dunha comisión mixta paritaria en materia de enerxía eólica, turismo e áreas comerciais.

H) Consellería de Cultura e Deportes

Creación dunha comisión mixta paritaria co fin de mellorar os procedementos en materia de patrimonio histórico.

111- COORDINACIÓN DO PROCESO

Para un desenvolvemento adecuado do traballo, as partes asinantes comprométense a:

a) As comisións mixtas que se creen sempre serán paritarias.

O presidente das ditas comisións será o conselleiro competente na materia ou persoa en quen delegue, e o vicepresidente será o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias ou persoa en quen delegue.

b) As comisións mixtas propostas no documento deberán estar constituídas no primeiro trimestre do ano 2006, agás circunstancias extraordinarias ou disposicións legais que o impidan.


c) Establecerase unha subcomisión mixta paritaria delegada da Comisión Galega de Cooperación Local para o estudo da coordinación das competencias concorrentes da Xunta de Galicia-deputacións-concellos.

IV.- SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN DO PRESENTE ACORDO

Para o seguimento da execución do presente acordo e para a solución das controversias que se puidesen suscitar, constituirase un ha comisión mixta formada por tres representantes da Xunta de Galicia e tres representantes da FEGAMP.

As partes comparecentes, en proba da súa conformidade, asinan o presente acordo no lugar e data sinalados no encabezamento.

O presidente da Xunta de Galicia



Emilio Pérez Touriño

O presidente da FEGAMP



José Crespo Iglesias